

4

PODER FALAR PARA TODOS VOSTEDES UNHAS PALABRIÑAS É PARA MIN UNHA HONRA E VIR A MOURENTE UNHA LEDICIA QUE NON ESQUECEREI. QUERO DARLLE UN AGARIMOSO SAUDO A SANTIAGO LAYA E OS SEUS COMPAÑEIROS POR PENSAR EN MIN PARA ESTE ACTO. A VERDADE É QUE TEDES UNHA FESTA BEN FERMOUSA . TAMÉN QUERO DÁRLLE-LAS GRACIAS A TODOS POLA SUA AGARIMOSA ACOLLIDA, É CERTO QUE SON XENTE ACOLLEDORA E DE TRATO SINXELO O CAL É DE AGRADECER.

MOURENTE É UN VILA FERMOUSA. TÉDELA CAPELA DE SANTA MARGARITA É ESE FERMOUSO CARBALLO DO QUE VOS PODEDES SENTIR ORGULLOSOS. COIDÁDEO CON AGARIMO PORQUE SÓ TEDES ESE E SE O PERDEDES NUNCA NADA FARÁ QUE VOLVADES A TER ALGO TAN IMPORTANTE E TAN FERMOUSO.

MOURENTE E AS SUAS XENTES FIXERON POSSIBEL ÉSTA FERMOUSA FESTA DO CALDO GALEGO. OXALÁ EN VINTE ANOS TODOS SIGAMOS AQUÍ, CELEBRANDO, COMENDO E VIVINDO ESTA FERMOUSA FESTA.

EU RECORDO COMO SE AGORA FOSE CANDO SENDO NENO, MEU PAI, FALECIDO HAI UNS ANOS, ME DICIA ¡HAI QUE COMER DE TODO¡

A ÉL ENCANTÁBALLE O CALDO E A MIN AS PATACAS FRITAS CO QUE FOSE PERO O CALDO, NON. NON ME GUSTABA. EU QUE LLE IA FACER, PERO EL INSISTIA ¡TÉS QUE COMER DE TODO¡ É VEÑA CALDO E MAIS CALDO. CO TEMPO DESCUBRIN QUE MEU PAI FACIA TRAMPA, NA CASA HABÍA QUE COMER DE TODO PERO ÉL CHAMÁBALLE COMER DE TODO A COMER TODO-LOS DIAS CALDO PORQUE A ÉL LLE GUSTABA MOITO... SON COUSAS DA VIDA. CO TEMPO DESCUBRIN QUE A MIN TAMÉN ME GUSTABA O CALDIÑO I É QUE OS GUSTOS VAN MUDANDO CO TEMPO. EU SON OURENSANO E OS OURENSANOS SEMPRE CANTABAMOS A RIANXEIRA ...AY SÁLVORA, AY SAN VICENTE, AS NENAS BONITAS AINAS EN OURENSE. SEI QUE É EN MOURENTE PERO ESTÁ VISTO QUE CADA QUEN TIRA PARA SÍ. O CERTO É QUE A LETRA DA CANCIÓN DÍ A VERDADE E AS NENAS SON BEN BONITAS EN MOURENTE. OS DITOS POPULARES E AS CANCIÓNS NON SE ENGANAN ISO ESTÁ CLARO. EU DÍGOLLES AS MOZAS E MOZOS DESTA TERRA QUE TEÑAN COIDADADO COS AMORES QUE AS VECES PARECEN BRANCOS E ACABAN SENDO MAIS CA NEGROS. SENDO EU UN NENO, COLLEUME UNHA

9

NOITE DE INVERNO UNHA VELLIÑA QUE ME COÑECÍA DE NON SEI QUÉ. EMPEZOUME A FALAR DO SEU DEFUNTO MARIDO.

B. ¡TÍ SÁBE-LO MOITO QUE EU QUIXEN A ESE FILLO DUNHA CADELA; PERO EU SÓ QUIXEN UNHA VEZ E FOI A ÉL PERO DO MESMO XEITO QUE O QUIXEN PASEI A ODIALO ETERNAMENTE;

N. EU TREMABA COMA UN XUNCO COAS ATERRADORAS PALABRAS DA VELLA. E A MULLER AQUELA TODA DE NEGRO E COMA UN PAU, SEGUEU O SEU RELATO.

B. ¡UN DIA DESCUBRIN QUE ME ANDABA COMA UN CAN CON TODA-LAS DA PARROQUIA E INDA MAIS TAMÉN COAS QUE APAÑABA POR FORA. EMPECEI A TIRALO POLAS ESCALEIRAS, PORLLE VENENO DOS RATOS NA MERENDA, SULFATO NO VIÑO, PERO O MOI CABRÓN SEMPRE SE DECATABA, E MARCHABA RINDO O MOI FILLO DUNHA CABRA. ATA QUE UN DIA FARTOUSE E MARCHOU CARA ALEMANIA, ¡DEUS O LEVE, PÚNXELLE CANDEAS ATA Ó CAN;...PERO NON TARDOU EN VOLTAR DE VACACIONS, SEICA TRABALLABA ¡NON SEI EN QUÉ; PORQUE ERA VAGO PARA TODO EXCEPTO PARA AS MULLERES, PRAÍ ESPABILABA O LARPEIRO. E APARECEU CUNHA LOIRA GRANDE COMA UNHA CASA. E A BRIGITE

AQUELA CANDO ME VIU, CUNHA SONRISA DE ORELLA A ORELLA DIME ¡GUTNAI¡
¡GUTNAI, DIXEN EU¡ COLLIN A VARA DAS VACAS E PEGUEI TRAS DELES QUE SALTABAN COMA RÁS PO-LA CÓSTA ABAIXO, INDA DEBEN ESTAR CORRENDO AGORA. LEVABAN A PERNAS BEN SURTIDAS OS DOUS...¡QUE GUTNAI NIN QUE CARALLO¡

N. EU, ESCOITABA AQUELA VELLA CO MEDO METIDO NO CORPO E COS OLLOS COMA PRATOS, NUNCA OIRA COUSA TAL E SEGUIA A TREMAR COMA UN BIMBIO.

B. -¡MIRA NENO, TANTO O ABORRECÍN, TAN MAL NOS QUIXEMOS QUE ÉL POR NON VERME, MORREU. E EU DESQUE EL MORREU FÍXENME PUTA PARA ME VENGAR NESTE MUNDO...¡MAIS AGORA VOU VELLA, TÓCAME A MIN TAMÉN MARCHAR E DÍ O CREGO QUE LLE PERDOE POIS LOGO NO OUTRO MUNDO XUNTOS ESTAREMOS DE NOVO. ¡O CREGO VOLVEUSE TOLO¡ ¡XUNTARNOS NUNCA MAIS PENSO QUE COMA ÉL ESTEA CON DEUS, EU PENSO IR EN BUSCA DO DEMO¡

N. APROVEITEI UN MOMENTIÑO NO QUE A VELLIÑA COLLEU ALENTO...¡MIRE, É QUE EU TEÑO QUE MARCHAR...¡

B. ¡QUIETO RAPARIGO QUE INDA QUEDA O MELLOR, OU QUERES QUE CHE SAQUE O UNTO

5
CON ISTO ~~NE~~ SACOU UNHA FACCA DUN KILÓ-
METRO... EU QUE CONQUERIRA METER UN
ANACO DE PAN CON CHOCOLATE NA BOCA
QUEDEI PASMADO E NON ME DABA MOVIDO.

B. ¡EU SONCHE UNHA VELLA VIUVA, NENO,
TERCA COMA UN CARNEIRO ~~NE~~ ASÍ SEGUIU
FALANDO DO DEFUNTO QUE XA ENTERRA-
RAN ANOS ATRÁS. E DE SÚPETO AQUELA VE-
LLA EMPEZOU A MORRER DIANTE MIÑA SEN
DEIXAR DE FALAR. ÍASE CHUCHANDO, A CA-
RA SÓ TIÑA ÓSOS, CATRO PELOS MARELOS
COMA SARNOSOS DUN RAIQUEIMADOS .
EU TANTO SUSTO TIÑA ENRIBA QUE ME CAI-
RON PANTALONS, MEXEIME E QUERIA FUXIR
DALÍ COMO FOSE PERO ESTABA TESO COMA
UNHA ÁRBORE.

AGORA ESTÁBAME DANDO CONTA DE TODO
O QUE PASABA...¡ERA UNHA, MEIGA. ESTABA
DIANTE MIÑA NO AIRE CUNHA BASOIRA
GRANDE ENTRE AS PERNAS; E SEGUIU FALAN-
DO CUNHA VOZ DE ULTRATUMBA QUE FACIA
TREMAR TODO, SOBRE TODO A MIN.

AGORA FALABA DE SI MESMA COMA SE VOL-
VERA DOUTRA VIDA.

B. ¡MAIS OS DOUS NOS ATOPAMOS NOS INFER-
NOS; E QUIXEN AFOGALO, AFOGALO PERO
NON HOUBO MANEIRA...¡CONQUE ESTÁS
CO DEMO DESGRACIADO; POIS O CEO ME

VOU; E SEN SABER COMO COLLI~~N~~ DEREITI-
 ÑA CARA O CEO. MAIS A PORTA TOPE~~D~~ PE-
 CHADA QUE XA~~M~~LA PECHARA SAN PEDRO.
 E PET~~E~~, E PET~~E~~, E PET~~E~~. ¡ABRIDE QUE
 SON EU; BERROU A VELLA CON FORZA.
 ¡ESTÁ PECHADO; BERROU O APÓSTOLO.
 ¡MIRADE QUE NON QUERO ESTAR ONDA EL
 ESTÉA, XUREINO MEU SAN PEDRO;
 ¡ESTÁ PECHADO;-BERROU O SANTO DE NOVO
 METÉNDOSE PARA DENTRO.
 ¡FACEDES UN BO PORTEIRO, CARALLO PERO
 EU NON RENDO. ¡ABRIDES?
 ¡NON, Ó INFERNO Ó INFERNO CON EL PARA
 SEMPRE XAMAI; E ENTRE AS NUBES APARE-
 CEU UN PÉ QUE ME DEU UNHA PATADA NO
 CÚ QUE ME FIXO VOAR POLO UNIVERSO.
 ¡POIS SE ME SEPAREI PARA SEMPRE DO MEU
 HOME PARA SEMPRE HA SER, ESTÁ DITO;
 A TERCA NON ME GANA NINGUÉN.
 IREI O LIMBO DOS NENOS;

N. CANDO LLE OIN DICIR AQUELO, CAÍN PA-
 TRÁS E CASE QUEDO SEN SENTIDIÑO. A VE-
 LLA POÑÉNDOME UN PÉ NO PESCOZO SEGUIU

B. ¡QUE O XUREI, BERRABA INDA MAIS ~~A VELLA~~
 POIS QUEDO NESTE SITIO PARA SEMPRE. ~~F N~~

N. E QUEDOSE. A VELLA QUE AQUELA NOITE ME
 CONTOU TODA ÉSTA TOLADA ERA AQUELA
 MEIGA RAPOSA QUE AGORA ANDA CEIBA E

BEN CEIBA METENDO MEDO NAS NOITES DO INVERNO. ¡POR QUE SAN PEDRO NONA LEVOU CON IL? ELA É A MESMA QUE METE MEDO NAS RAÑAZAS E RAPACES CASADEIROS, A QUE ENCELA NAMORADOS, DESFAI MATRIMONIOS... ASI QUE VOS DIGO UNHA COUSA, POÑEDE CRUCES NAS CASAS, ALLOS NAS COCIÑAS, ROSARIOS NAS VENTÁS... É SOBRE TODO COMEDE, TODO-LOS DIAS CALDIÑO QUENTIÑO QUE FA MELLOR MENCIAÑA QUE HAI CONTRA MEIGAS, BRUXAS E CURUXAS, E AQUELES QUE NO NO FAGAN ASÍ QUE SE PREPAREN PORQUE A MEIGA FARÁ QUE NUNCA XAMAIS ATOPEN PARELLA NA VIDA.

¡QUE O PASEDES BEN;

Para a Asociación de Veciños O CASTRO, con todo o meu agrado.
Abelardo Sobral